

Fai vintecinco anos do pasamento do noso ilustre socio de Honor, Manuel Oreste Rodríguez López, e fago o relembre dun artigo que il mesmo publicara nos anos oitenta no “El Ideal Gallego” baixo o título de: ***D. Matías Colsada, socio de honor do Centro Galego de Barcelona, en Galicia.***

Nese artigo relatábase o nomeamento e agradecemento ao empresario teatral madrileño e pai do xénero “Revista Española” de D. Matías Yañez Jiménez máis coñecido como o Sr. Colsada como socio de Honor do Centro Galego de Barcelona: *“aplauzo dos galegos da nosa Terra, estamos seguros que lembrarán aquelas xornadas nas que traballaron afervoadamente pra axudar ao noso Centro Galego de Barcelona e sentiranse orgullosos de ter colaborado en pro da nosa agradecida Colectividade.”*

O nomeamento do Sr. Colsada como Socio de Honor respondía a gratitude da entidade polos servizos e a colaboración prestados polo empresario madrileño despois do incendio da Biblioteca, e foi tal a gratitude da Colectividade cara D. Matías que sendo propietario da sede da entidade vendéunola a un prezo moi por debaixo de mercado sen especular e perdendo daquelas moitos millóns de pesetas para que así o Centro Galego de Barcelona nunca deixara de loitar pola Cultura do País.

“O noso Centro”, “O meu agradecemento á Xunta Directiva do Centro Galego de Barcelona”... verbas que sempre estaban nos beizos de Manolo – permitídemme esta licenza- coma San Martiño cando o Centro necesitada unha capa, alí estaba il. Manolo sempre colaborou có Centro Galego de Barcelona así como con todas as entidades galegas establecidas en Cataluña incluso despois de morto xa que na súa biografía e bibliografía sempre estaba en Letras de Ouro a verbas *Centro Galego de Barcelona*.

Foron pasando os anos e os artigos en prensa de Manolo se convertían en parte da historia contemporánea da colectividade galega en Cataluña e en parte dos meus estudos doctorais sobre a diáspora galega. O poeta obreiro de Paradela converte a súa terra de orixe en bandeira do seu presente, e leva a Paradela ao coñecemento de moitas xentes.

Desafortunadamente tiveron que pasar moitos anos para que os directivos do Centro Galego de Barcelona se deran de conta da magnitude cultural e histórica de Manolo Rodríguez López, e foi hai un ano cando por acordo unánime da Xunta Directiva en sesión celebrada o 10 de outubro de 2014 se nomeou Socio de Honor a Manolo.

No eido poético e de forma suxetiva teño que facer referencia a outros dous poetas do Centro Galego coma é Manuel Casado Nieto e Casado Martínez en relación a poesía toponímica; ámbolos dous moi vencellados a institución xa que Casado Nieto foi presidente da mesma durante máis de dezasete anos e o seu fillo dende o nacemento.

Os autores anteriormente mencionados e Manolo Rodríguez teñen en común algúns poemas que parten dunha poesía moi topográfica semellante á aquela publicada por un novo “Eugenio Novo Neira” na Revista Alborada nos cincuenta, estamos a falar d’ Os Eidos.

## PRA DARLLE A DESPEDIDA

PRA DARLLE A DESPEDIDA,  
unha fresca mañá,  
encamiñeime, soio,  
á Croa do Toural.

Enriba dun penedo  
senteime, a cavilar,  
ollando longas veigas,  
montañas, ríos, vals.

Dende alí mirei pobos:  
San Miguel e Suar,  
Francos e Millerados,  
Retorta e Cereixal.

Dende a Croa ollei soutos  
restebas e toxals,  
labregos con baldetas  
sementando no pan.

Da amañecida ouvín  
o cantar do alalá  
e dos ledos carriños  
o lonxano chiar.

Que grande o meu contento  
mirando ó Sagrazal,  
as chousas, as namelas,  
os Carballos, os Chaos,  
o Trobo, a Escadiña,  
terras da miña mai.

Lástima que espertei  
de tan ledo soñar  
ó ver un corvo negro  
agoirento, fatal,  
camiño doutras terras,  
a voar... a voar...

## OS LUGARES

Por lameiros cinguidos de carrouchos,  
por pinas corredeiras,  
baixa o meu canto.  
Baixa cantando polas tardes verdes  
e polas augas mornas,  
polo cadril lixeiro dista terra,  
hastra quedar il todo coroado de nomes:  
Paradela, Pedrouzos, Poboeiros,  
Alais e Aguil, Rabal, Monte Miao,  
A Teixeira, A Abeleda, Lumeares,  
Mazaira, O Couto, Sas.  
Sas, no camiño de deixar deixando.  
Baixa o meu canto, baixa  
pr vides e centeos, por congostras de a pé,  
entra nas galerías, silandeiras,  
onde a pobreza substitúe á vida,  
participa de outonos e de risos  
e é a grols ledos e triste no seu quente  
roula.

Rube logo o meu canto,  
xa arrequecido en nomes e materias,  
a chama ceral, a inalterada  
teocracia da pedra, o val coma sereo  
adiante da morte,  
as vacaciós da alma ao pé dun souto,  
a novidade inmemorial da chuvia.  
Despois, xa de que rube,  
Todo se volve Castro.

Cantar é lene, anque por veces manca.

Os Bos e Xenerosos coma di o himno galego, Manuel Casado Nieto, Manuel Casado Martínez e Manolo Rodríguez, son a poesía da Terra para os emigrantes galegos en Catalunya. Esa poesía topográfica lévanos a unha Galicia rural lucense no caso do poeta obreiro e ourensá no caso dos Casado, creando microuniversos nos que se pode identificar calquera emigrante de zoas rurais. Os versos do poeta obreiro achegan Paradela a outros emigrantes que proviñan de Palas de Rei, Quiroga, Larouco, Becerreá ou outros convertendo a terra do autor na súa propia, e enchendo de bagoas de saudade os ollos de moitos coterráneos.

Tarde chegaron estas verbas do Presidente do Centro Galego de Barcelona, xa que Manolo sempre foi o mesmo, un Bo e Xeneroso Galego de Paradela.

Manoel Carrete